

## O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

### CORTE Nº 3 CINTA 2



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

#### NOME DO DOCUMENTO:

MPG\_SaVi\_0002\_003\_en\_0\_22\_29\_id502\_docx

#### AUDIO DE REFERENCIA:

MPG\_SaVi\_0002\_003\_en\_0\_22\_29\_id502.mp3

#### INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a segunda das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre algunhas embarcacións tradicionais que se usaban nos traballos do mar: chalana, gamela, balandro e dorna

#### NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que elegimos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

#### DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR(ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
  - Parroquia:** O Carmen
  - Concello:** Moaña
  - Provincia:** Pontevedra
  - País:** Galicia



## NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou que aparecen cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

### Aclaración de termos:

“Iban á *Pedra* a vender a leña”: *Pedra* fai referencia a un lugar de antigo mercadeo en Vigo.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde Román e revisada por el mesmo no 2019.

## PALABRAS CHAVE

pesca , embarcación , chalana , gamela , balandro , transporte de mercancía , carrexón , dorna

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Sara Santalla Iglesias

## TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 2

P: ¿E as chalanas tamén se usaban para pescar ou usábanse como auxiliares dos barcos?

R: As chalanas usábanse cando se empezou a ir á costa de Portugal, cando se empezou a ir á costa de Portugal á ardora, usáronse chalanas.

P: Usábanse as chalanas ¿como?

R: As chalanas.

P: ¿Que iban a remos hasta alá en chalanas? Non. Iban nos barcos.

R: Iban nos barcos, e despois para largar as redes facían de boia, para cando largaran o aparello ir a chalana, porque a chalana tiña un cabo de primeiro, un cabo da rede que saía da bordo do barco e máis varios cabos, e mais un o que chamaban o calón para cando viñera o barco, alí todo collía o barco.

P: E a chalana quedaba con un home ou dous dentro ¿non?

R: Quedaba con dous. Eles daban conta que viñan polas marés. ou polo que fora, corrientes, e viñan encima deles, non podían meter o aparello a bordo, a chalana arrastraba polo corcho para un lado e para outro e evitaba moitas averías tamén ¿non?.

P: Eran auxiliares da pesca.

R: Eran auxiliares da pesca.

P: ¿E as gamelas igual?

R: Eran o mesmo, as chalanas, esas chalanas que dicimos chalanas que trae o ... hoxe xa ten outro estilo eses barcos pequenos xa ten outro estilo de boias ¿non? porque son barcos cativos e se leva unha chalana ocúpalle a mitad do barco.

P: ¿E as gamelas facían a mesma función que a chalana ou tiñan outra diferente?

R: Era o mesmo.

P: Era o mesmo.

R: Un dáballe o nome de unha maneira e outro dalle o nome de outra.



P: O que pasa é que as chalanas tiñan proa e as gamelas non tiñan proa, era igual a popa que a proa ¿non? Era a diferenza que había. ¿E os balandros que se usaban máis ben para carga?

R: Para carga.

P: Os balandros ¿que eran máis anchos?

R: Máis anchos, andaban a vela sempre.

P: Andaban a vela.

R: Os balandros que había por aí, ¿non te acordas dos balandros de Domaio eses?

P: Non, eu o que me acordo era o do Muiñeiro, o do Muiñeiro pero xa tiña motor. E despois sei que había algúns en Meira e Domaio, teño mirado fotografías, de balandros que andaban a vela.

R: O que máis se usaron a vela os balandros foi no carrete de leña.

P: ¿O carrete como?

R: En Domaio, sabes que eran os carrexóns

P: ¿Eran?

R: Os carrexóns de leña para vender para Vigo. Iban á Pedra a vender a leña, todos os días levaban os barcos cargados de maquías de leña.

P: Maquías chamábanse maquías, ós feixes.

R: Non, non, para vender a leña, era o peixe deles. E despois eran os carretóns da area da edificación das casas e todo, iban á Illa, iban a Barra, eran moitas praias a carretar a area para facer os edificios, eran os carretóns.

P: Eran case todos de Domaio, entón miraba cruzar por alí os veleiros todos.

R: Cruzar a vela todo.

P: Era donde máis había, aquí entón por Moaña usábase máis de tipo de pesca e por Domaio había máis balandros que de pesca.

R: Balandros de carretas. Carretóns de area para edificios e casas e todo eso. Tes casos, cinco barcos cargados de leña. Iban de Domaio para Vigo para vendelo na Pedra, que lle chamaban A Pedra.

P: E despois de volta iban hasta Barra e enchían de ...

R: E despois cando tiñan ocasión... botáronnos á carretar coa lancha á Illa e viñan cargados de area.

P: ¿E as dornas usábanse moito por aquí?

R: A dorna non.

P: Non.

R: Sin embargo por aí pola Ría de Arousa, alí polo norte usábase.

P: Usábase moito. Por aquí, de vez en cando, viñan ó curricán algunhas, pero non eran de aquí.

R: Eso case esa embarcación usouse, case digo eu, para o norte.

P: Para o norte, aquí usábase pouco. Viñan foráneas, viñan de fóra.

R: Aquí facían un botiño familiar para botar unha femia a buscar catro chocos aí.